



Concello de Lourenzá

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2021/6	El Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	18 de novembro de 2021
Duración	Desde as 20:30 ata as 20:55 horas
Lugar	Salón de Sesións
Presidida por	rocio lopez garcia
Secretario	Begoña González Pedregal

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33832911A	ANTONIO REGO REY	SÍ
35312108R	AUREA MARÍA VÁZQUEZ ABAL	SÍ
33997496T	EDUARDO JOSE REIGOSA BRAÑA	NON
34880827Q	ENRIQUE JOSÉ ROCHA PÉREZ	NON
33995905L	FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ BARRERA	SÍ
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
33844382C	MARIO LEITÓN RAMALLAL	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
33549271E	SONIA GAVINO REIGOSA	SÍ
76580879X	rocio lopez garcia	SÍ





Concello de Lourenzá

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN ACTA DAS SESIÓNS ANTERIORES: SESIÓN DE DATA 16/09/2021 E DÚAS SESIÓNS DE DATA 28/09/2021.

Favorable | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vistos os borradores das actas das sesións anteriores, a da sesión ordinaria celebrada o día dezaseis de setembro do dous mil vinte e un (16/09/21), e as dúas extraordinarias urxentes celebradas o día vinte e oito de setembro do dous mil vinte e un (28/09/21), distribuídos coa convocatoria, e non habendo nada, os borradores das actas das ditas sesións foron aprobados por unanimidade dos concelleiros presentes na sesión.

Expediente 540/2021.MOCIÓN UNIÓN AGRARIAS REFERENTE Á ADOPCIÓN MEDIDAS SOBRE POBOACIÓN DO LOBO IBÉRICO

Favorable | **Tipo de votación:** Ordinaria
A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 2, Ausentes: 0

Neste punto do orde do día e coñecida a Moción presentada por Unións Agrarias Viveiro referente ó lobo ibérico e aberto o debate, por parte da concelleira do B.N.G., Sra. Vázquez Abal indicouse que poñéndose do lado dos gandeiros parecíalle ben a moción, non así da parte do lobo e que resultáballe moi elevado o censo de lobos que cifraban na Mariña, pola súa parte, o Sr. Arango Ron, voceiro do Partido Socialista, indicou que tivera dúbidas, que nun principio ía votar en conciencia pero que unha vez visto o contido da Moción, cambiara de opinión e non lle parecera mal a mesma porque o que se propoñía era algo controlado e baseándose en datos. A Sra. Vázquez Abal matizou que ela tamén estaba de acordo con que conservaran o lobo pero que para iso, lles deran de comer, que tiñan vacas mortas e moitas máis cousas para darlles de comer, para así evitar que atacaran e comeran o dos veciños, que o problema era que pedían que os gandeiros pecharan as súas fincas,





Concello de Lourenzá

que daban subvencións para os peches e poñer cans, pero que isto non era a solución porque entraban igual diante das portas das casas e podían atacar incluso ós pícaros, que sabía de gandeiros que no librarian nin un poldro xa sen falar dos xatos e que se había danos que os pagaran con rapidez e non ó cabo de tres anos, indicando o Sr. Rodríguez Barrera que todo pago de subvencións levaba o seu tempo e a súa tramitación.

O concelleiro Rego Rey apuntou que cada un choraba onde lle doía, que el estaba a favor de conservar o lobo aínda que tamén tivera sido vítima súa.

O Sr. Rodríguez Barrera apuntou que non entendía o apartado C) da Moción, porque se querían protexelos e conservalos non entendía que se pedira á Xunta de eliminalos, que se os ían protexer non poderían cazalos ao que aclarouse que tratábase dunha caza selectiva.

O Sr. Arango matizou que tamén estaban chegando os eucaliptos diante das casas e que se non había onde alimentarse uns tampouco comían os outros e a cadea rompíase, ao que a Sra.

Vázquez Abal matizou que todo o problema viña dende o tema das vacas tolas, que retiraran os cadáveres dos animais que servíanlles de alimento, e que cos voitres pasaba igual.

A Sra. Alcadesa indicou que ela estaba tamén a favor da protección dos animais pero que entendía que había un problema.

Finalmente, dado por finalizado o debate, pasouse a votación e o Pleno, en votación ordinaria e con sete votos a favor, do P.S.de G.-P.S.O.E e B.N.G. e dúas abstencións, do P. Popular, ACORDOU:

PRIMEIRO.- Aprobar a Moción presentada por Unións Agrarias Viveiro , nos termos nos que está redactada, sendo o seu contido literal o que segue:

“Hilario Moliner Piñón, responsable da oficina de Unións Agrarias Viveiro, en representación de Roberto García González, Secretario Xeral de Unións Agrarias, ao amparo do dispostos nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta Moción, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ADOPTAR URXENTEMENTE MEDIDAS RESPECTO Á POBOACIÓN DE LOBO IBÉRICO, OS SEUS DANOS NA GANDEIRÍA DA COMARCA E COMPORTAMENTOS DE ALTO RISCO CAUSADOS POR ESTA ESPECIE.
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia ten unha poboación de lobos que se estima no entorno dos 700 exemplares, repartidos nuns 90 grupos. Esta poboación é superior á da toda Francia (cuns 500 exemplares censados) ou á de toda Escandinavia (cuns 450 lobos censados). Os expertos calculan que hai 14.000 lobos en Europa, dos cales o 20% están en España, e o 30% deles en Galicia.





Concello de Lourenzá

As denuncias por ataque de lobo á gandería aumentaron nun 126% en Galicia, entre 2014 e 2019. Un feito que semella reflectir que, a falta dun censo actualizado, a poboación de lobos estaría aumentando en Galicia nos últimos anos. Asemade, a Comarca da Mariña configúrase como unha das comarcas con maior densidade de poboacións de lobos a nivel mundial, segundo as prospeccións realizadas no 2019 e 2020 por investigadores do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (Ibader) da Universidade de Santiago de Compostela.

O lobo non está en perigo de extinción en Galicia, moitos menos na comarca de A Mariña. E ninguén no rural galego avoga pola súa desaparición, senón pola convivencia garantida a través dunha xestión das poboacións con criterios científicos e técnicos; baseada en varios piares: a indemnización dos danos aos gandeiros; a xestión de restos de animais para unha alimentación disuasoria con criterios científicos e técnicos; e a caza regulada, igualmente con criterios científicos e técnicos. Por último, axudas para medidas preventivas.

Este Concello polo tanto quere amosar o seu compromiso coa conservación do lobo ibérico en Galicia como expoñente irrenunciante da fauna ibérica e elemento fundamental para a conservación do equilibrio natural dos ecosistemas.

Non obstante e segundo o exposto, é preciso tomar medidas de xestión na comarca da Mariña Lucense. Toda vez que os danos que está a producir o lobo na cabana gandeira extensiva desta comarca, nomeadamente no gando equino; e a alarma social que está a provocar en localidades como Oourol; con reiterados ataques a gando e cans ás portas de vivenda e núcleos habitados; precisan de medidas urxentes que restablezan a tranquilidade dos profesionais do agro e familias do rural.

No caso dos ataques do lobo nos entornos das casas, coa morte dos cans nas portas mesmas das vivendas, hai que salientar que se trata dun comportamento de alto risco cara ás persoas, especialmente os nenos. Non se pode ignorar que en Galicia están documentados ao longo do século XX alomenos 5 mortes de cativos entre os anos 1938 e 1974 pola acción do lobo. E que un comportamento de exemplares, ou mesmo grupo de lobos, nos que este depredador capaz de matar animais con peso superior á media tonelada perde o medo e a distancia co ser humano á hora da caza, configura un escenario de alto risco inasumible para as familias involucradas. E que precisa de medidas acordadas ao nivel de perigo potencial que se está a dar na seguridade das persoas.

Ante estes acontecementos as persoas damnificadas estanse dirixindo aos Concellos como Administracións máis próximas, expresando as súas inquedanzas por mor destes ataques que poñen





Concello de Lourenzá

en perigo a súa sustentabilidade económica nun casos; e a propia seguridade persoal de cativos noutros.

É por iso que Unións Agrarias, considerando que é preciso encarar esta problemática e buscar solucións acaídas presenta esta MOCIÓN diante no Pleno da Corporación para que a Xunta de Galicia asuma a grave problemática dos danos causados polo lobo nas explotacións gandeiras e agrícolas e que se tomen os seguintes acordos de resolución:

O Pleno do Concello de Lourenzá insta á Xunta de Galicia a:

Primeiro.- Tomar medidas de xestión da poboación de lobos na Comarca da Mariña, de xeito que a presenza desta especie sexa compatible coa práctica da gandería en extensivo e se protexa especialmente á cabana de equino; actividade directamente ameazada de extinción polo abandono debido ao desánimo dos gandeiros a causa dos reiterados ataques. Unha situación de supón unha seria ameaza para a supervivencia e conservación da raza de cabalo galego.

Segundo.- Adoptar as medidas para unha xusta indemnización económica dos animais mortos polo lobo de xeito que os pagos aos gandeiros sexan áxiles (tres meses máximo entre a comprobación da morte do animal e o pago); que cubran o prezo real de mercado da res morta; e teñan en conta outros factores, como o lucro cesante.

Terceiro.- No caso de ataques reiterados no entorno das casas, que se proceda de inmediato a identificación dos individuos ou grupos de lobos responsables dos mesmos. E dado que se trata dun comportamento de alto risco que pode derivar en ataques a nenos e persoas indefensas, se proceda a rápida eliminación por caza selectiva, profesional, destes exemplares potencialmente perigosos de xeito inmediato.

SEGUNDO.- Achegar certificación do presente acordo á Xunta de Galicia, instando á:

A) Tomar medidas de xestión da poboación de lobos na Comarca da Mariña, de xeito que a presenza desta especie sexa compatible coa práctica da gandería en extensivo e se protexa especialmente á cabana de equino; actividade directamente ameazada de extinción polo abandono debido ao desánimo dos gandeiros a causa dos reiterados ataques. Unha situación de supón unha seria ameaza para a supervivencia e conservación da raza de cabalo galego.

B) Adoptar as medidas para unha xusta indemnización económica dos animais mortos polo lobo de xeito que os pagos aos gandeiros sexan áxiles (tres meses máximo entre a comprobación da morte do animal e o pago); que cubran o prezo real de mercado da res morta; e teñan en conta outros factores, como o lucro cesante.

C) No caso de ataques reiterados no entorno das casas, que se





Concello de Lourenzá

proceda de inmediato a identificación dos individuos ou grupos de lobos responsables dos mesmos. E dado que se trata dun comportamento de alto risco que pode derivar en ataques a nenos e persoas indefensas, se proceda a rápida eliminación por caza selectiva, profesional, destes exemplares potencialmente perigosos de xeito inmediato.

TERCEIRO.- Facultar á Sra. Alcaldesa para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA 3º TRIMESTRE 2021.

Chegado este punto da Orde do día deuse conta do informe emitido sobre a execución do presuposto correspondente ó **TERCEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2021**, que foi enviado ao Ministerio de Economía e Facenda o día 21/10/2021, dando cumprimento ao disposto na Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira.

DACIÓN CONTA PMP 3º TRIMESTRE 2021.

Neste punto do orde do día e de conformidade co disposto na Lei 15/2010 de 5 de xullo de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dáse conta do informe do **TERCEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2021** relativo ao **CUMPRIMENTO DO PERÍODO MEDIO PAGO A PROVEDORES** de conformidade coa establecido na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 635/2014 do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, e que no Concello cumpríuse no Primeiro Trimestre do Exercicio 2021, posto que o Período Medio Global foi de 16,46 días.





Concello de Lourenzá

Ditos documentos foron remitidos á Oficina Virtual do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o día 21/10/2021.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

ROGO DO PARTIDO POPULAR

O voceiro do P.Popular, Sr. Rodríguez Barrera rogou á Alcaldía que se adecentaran as pontes de pedra que dan entrada ó Concello.

PREGUNTAS P.POPULAR

Neste punto, o voceiro do P. Popular fixo varias preguntas á Alcaldía que quedarían para contestar no próximo Pleno.

Ao fío da presentación destas preguntas, preguntoulle á Secretaria cal era o prazo para presentar as preguntas posto que na sesión anterior, que ela non estaba, o Sr. Arango dixéralle que tiñan que presentalas antes das 15,00 horas do día anterior (que eran menos das horas marcadas por lei), que era cando pechaba o rexistro pero que a Lei dicía que 24 horas antes.

Pola Secretaria indicouse que efectivamente na Lei indicábase que con vinte e catro horas de antelación, que entendíase, antes da hora da celebración do Pleno, e que polo tanto sería antes das 20,30 do día anterior.

O Sr. Arango indicou que noutros concellos como Coruña ou Santiago, a Alcaldesa non abría o ordenador, que o vería a persoa encargada do rexistro e llas pasaría ó equipo de goberno e se pechaba as quince horas, non as vería ata o día seguinte e tería que ter un tempo para contestar, que moitas veces tíñanse que pedir datos a un funcionario, que fixera unha relación de gastos, como por exemplo para a pregunta que el facía sobre os gastos das últimas xornadas das fabas, e as veces non podía facelo nesa maña.

Por parte de Secretaría indicouse que a Lei di que preferiblemente contestarase na sesión pero que tamén, por causas debidamente motivadas, poderán contestarse na seguinte e se non daba tempo a recabar os datos solicitados, deixaríase para a seguinte sesión porque non se tiñan podido recabar os datos solicitados.

O Sr. Rodríguez Barrera apuntou que con dar unha excusa coherente sería suficiente pero que había preguntas como a de cando se rozara unha estrada, que non facía falta moito tempo para preparar





Concello de Lourenzá

a contestación, que o terían que sabelo ó momento e ante a indicación do Sr. Arango de que por exemplo no caso da limpeza da estrada xa fora a semana pasada e tivera tempo para presentala, manifestou que esta vez el non pretendía que se contestaran na presente sesión, posto que non tivera tempo e era plenamente conscente de que as presentara fora de prazo.

A Sra. Vázquez Abal preguntou se poderían presentarse antes da convocatoria da sesión, ó que contestóuselle afirmativamente. As preguntas presentadas polo voceiro do P. Popular e que quedaron para o seguinte Pleno, foron as seguintes:

1ª.- O eslogan das xornadas da Faba neste 2021(antes Festa da Faba) foi “Tes que vir”, a que tiña que vir a xente?

2ª.- Poden explicarnos en que gastaron 16.735 euros nas xornadas da Faba en Lourenzá?.

3ª.- Que se vai facer na Fonte do Cura, en Santo Tomé?

4ª.- Unha das estradas principais do noso concello, a antiga nacional que vai ata Arroxo, estivo sen rozar ata esta semana, parécelles normal iso?

5ª.- Cantos operarios temos agora mesmo no Concello?

6ª.- Que pasa co cableado do teléfono neste pobo? Hai moitos problemas, hai dous tirados e tamén o novo que puxo Adamo e se conta con autorización.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: A6f9X7JGZ6TRLA3EYA6LK62LS | Corrección: <https://concellodeLourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 8